

**CONCELLO DE CARNOTA  
A CORUÑA**

**RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN**

<b>PROCEDEMENTO:</b>	TR351A: PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO EN COLABORACIÓN COAS EE.LL.
<b>EXPEDIENTE:</b>	TR351A 2021/000037-1
<b>SOLICITANTE:</b>	CONCELLO DE CARNOTA
<b>NIF:</b>	P1502000A
<b>OBXECTO:</b>	SOCORRISTAS DE PRAIAS

**ANTECEDENTES**

1.- Pola Orde do 12 de abril de 2021 na que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, (DOG núm. 73, do 20 de abril), convócanse as axudas para o ano 2021.

2.- Ao abeiro desta convocatoria a entidade solicitante presentou, no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, unha solicitude de subvención abríndose ao efecto o expediente de referencia. Unha vez completados os trámites administrativos de recepción, mellora e/ou emenda da solicitudes, a comisión de valoración emitiu informe sobre a avaliación dos expedientes que cumprían todos os requisitos sinalados na orde de convocatoria no que figura o expediente de referencia con 63,75 puntos. En base a dito informe, o Servizo de Emprego e Economía Social formulou proposta de resolución favorable, que foi fiscalizada de conformidade polo órgano competente, para a concesión da subvención que se indica nesta resolución.

3.- Na tramitación do expediente observáronse todos os requisitos e prescricións legais.

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

**PRIMEIRA.** - A competencia desta Xefatura Territorial para resolver esta solicitude, por delegación da persoa titular da consellería de Emprego e Igualdade, logo da fiscalización, vén determinada no artigo 13 e pola disposición adicional primeira da orde de convocatoria, de conformidade co establecido polo Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e polo Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade.

**SEGUNDA.**- A solicitude foi presentada en prazo hábil e cúmprense todos os requisitos e condicións esixidas na convocatoria para a concesión, en base á proposta do Servizo de Emprego e Economía Social, dunha subvención para as contratacións de persoal que se indican para realización das obras/servizos sinalados no obxecto da referencia:

NÚM. CONTRATOS A SUBVENC.	OCUPACIÓN	GRUPO COTIZ.	% XOR.	MESES	CUSTO MENSUAL SUBVENCIONADO POR CONTRATO	IMPORTE TOTAL SUBVENCIÓN
5	SOCORRISTA	4	100	2	1.943,61	19.000,00
1	AUXILIAR DE APOIO	8	100	2	1.571,67	3.000,00
6	<b>TOTAL SUBVENCIÓN</b>					<b>22.000,00</b>

Polo exposto, en uso das facultades que teño atribuídas, por delegación da conselleira de Emprego e Igualdade,



## RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Conceder unha subvención ao CONCELLO DE CARNOTA por importe de **22.000,00** euros, equivalente aos custos salariais totais das contratacións de persoal temporal para a obra/servizo obxecto da solicitude nos termos expresados na consideración segunda desta resolución.

Esta axuda financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 11.04.322C.460.2 – 2015 00489 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2021 e a súa percepción está sometida ás seguintes condicións:

1ª.- A selección das persoas traballadoras realizarase na forma prevista no artigo 14 da orde de convocatoria e para a contratación empregárase exclusivamente a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

2ª.- **A data límite para formalizar a/as contratación/s é o día 15 de xullo de 2021.** Excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, esta Xefatura Territorial poderá autorizar o inicio do servizo con posterioridade, previa solicitude para o efecto da entidade subvencionada.

3ª.- Para o pagamento da subvención a entidade deberá remitir ao Servizo de Emprego e Economía Social desta xefatura, no prazo de **1 (un) mes** desde a formalización dos contratos, a seguinte documentación:

1. Contratos de traballo formalizados e comunicados á oficina do SPEG xunto coas altas na Seguridade Social e informe de datos de cotización (IDC).
2. Certificado do/a secretario/a da entidade local (no modelo dispoñible na web oficial da consellería) no que conste:
  - a) A formulación da oferta na correspondente oficina de emprego do SPEG co número identificador.
  - b) A relación nominal de persoas traballadoras remitida pola oficina de emprego.
  - c) A relación nominal de persoas seleccionadas e contratadas.
  - d) As retribucións salariais brutas, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotizacións empresariais á Seguridade Social.
3. Declaración de todas as axudas solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas e declaración de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin ser entidade debedora por resolución de procedencia de reintegro (anexo III).
4. Unha fotografía do cartel informativo no que se reflicta a súa localización, nos termos sinalados no artigo 20.1.a) da orde de convocatoria.
5. Documentos de información ás persoas traballadoras da vinculación da súa contratación a esta subvención, debidamente asinados.

**SEGUNDO.-** A entidade beneficiaria da subvención adquire os compromisos e obrigas que, de conformidade co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se establecen nos artigos 19 e 20 das bases reguladoras, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable.

**TERCEIRO.-** No prazo de dous meses desde a finalización do servizo, a entidade beneficiaria está obrigada a remitir ao Servizo de Emprego e Economía Social desta Xefatura Territorial unha memoria final da actividade realizada e da práctica profesional adquirida polas persoas contratadas, extracto bancario do ingreso da subvención, un certificado de fin de servizo segundo o modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia, copia das nóminas aboadas ás persoas contratadas e dos boletíns de cotización á Seguridade Social e dos documentos das transferencias bancarias e documentación acreditativa do mantemento dun sistema de contabilidade separada. Deberá remitir tamén o resumo anual de retencións por rendementos de traballo (modelo 190 IRPF) co xustificante do seu pagamento (modelo 111) en canto dispoña deles.

**CUARTO.-** Sen prexuízo do cumprimento das obrigas establecidas pola percepción de subvencións na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nas bases reguladoras da axuda, a entidade beneficiaria deberá manter un sistema de contabilidade separada ou codificación contable adecuada de todas as transaccións realizadas con cargo aos proxectos subvencionados e manter unha pista de auditoría suficiente e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos en tanto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control. Someterase, así mesmo, as actuacións de comprobación sobre o terreo que, en base a mostra seleccionada polo procedemento descrito no Modelo de sistemas de xestión e control da Comunidade Autónoma de Galicia ou por criterios baseados no risco, realice o persoal técnico da Xefatura Territorial.





**QUINTO.-** As persoas beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das iniciativas, en cumprimento do artigo 15º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e conforme ao sinalado na orde de convocatoria. Para isto, no lugar onde se realicen os servizos deberá figurar, de forma visible, cartel informativo, en modelo normalizado establecido e publicado pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social na web institucional da Xunta de Galicia no enlace: [https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?content=iniciativa\\_0043.html](https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?content=iniciativa_0043.html), no cal constará o cofinanciamento polos Servizos Públicos de Emprego. Asemade, deberán utilizar os documentos de información ás persoas traballadoras da subvención no modelo normalizado que figura na web institucional da Xunta de Galicia no enlace: [https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?content=iniciativa\\_0042.html](https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?content=iniciativa_0042.html).

**SEXTO.-** De acordo co disposto no artigo 21 das bases reguladoras, o incumprimento por parte das entidades beneficiarias de calquera das obrigas establecidas na normativa aplicable a estas subvencións, incluída a publicidade das accións subvencionadas dará lugar, previo o oportuno expediente, á obriga de reintegrar a contía que se determine e aos xuros de demora correspondentes, conforme ao establecido na Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o ingreso na conta ES82 2080 0300 8731 1006 3172, en concepto de devolución voluntaria; neste caso, a persoa beneficiaria ten que presentar ante esta Xefatura Territorial copia do documento bancario da devolución realizada onde conste a data do ingreso, o importe e o número de expediente e denominación da subvención.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante esta Xefatura Territorial de Emprego e Igualdade, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao desta notificación, de acordo co establecido nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

*En cumprimento do establecido na orde de convocatoria e de conformidade coa Lei 39/2015, a notificación desta resolución realízase a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia (Notifica.gal).*

A Coruña, coa data da sinatura electrónica

A xefa territorial  
Judit Fontela Baró

